



DECLARACIÓN DE IMPACTO AMBIENTAL FORMULADA POLA DIRECCIÓN XERAL DE CALIDADE AMBIENTAL, SOSTIBILIDADE E CAMBIO CLIMÁTICO RELATIVA AO PROXECTO DO PARQUE EÓLICO SERRA DE LIÑARES, NOS CONCELLOS DA FONSGRADA E NEGUEIRA DE MUÑIZ (LUGO), PROMOVIDO POR AV SERRA DE LIÑARES, SLU (CLAVE: 2011/0166)

A Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, en base ás súas competencias para resolver este expediente ambiental segundo o Decreto 42/2019, do 28 de marzo, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda e de conformidade coa proposta do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos da Subdirección Xeral de Avaliación Ambiental, que a continuación se transcribe:

O texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, norma vixente cando se iniciou a tramitación deste expediente e polo tanto de aplicación conforme o establecido na disposición transitoria primeira da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, establece que os proxectos públicos ou privados consistentes na realización das obras, instalacións ou de calquera outra actividade comprendida no seu anexo II deberán someterse a unha avaliación de impacto ambiental na forma prevista na antedita normativa cando así o decida o órgano ambiental en cada caso, téndose que axustar a dita decisión aos criterios que figuran no anexo III da dita lei.

O proxecto ao que se refire esta proposta de declaración atópase incluído no grupo 4.h do citado anexo II, polo que, téndose determinado o seu sometemento a avaliación de impacto ambiental na forma prevista na sección 1ª do capítulo II da dita lei por decisión do secretario xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, procede formular a correspondente declaración de impacto ambiental (DIA), de acordo co artigo 12.1 da referida lei.

1. INFORMACIÓN SOBRE O PROXECTO

1.1. Promotor e órgano substantivo

O promotor do proxecto é a sociedade AV Serra de Liñares, SLU e o órgano substantivo a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación.

1.2. Obxecto do proxecto, descrición e localización

De acordo coa documentación avaliada, o proxecto ten por obxecto a execución dun parque eólico de 48 MW de potencia total nos concellos da Fonsagrada e Negueira de Muñiz (Lugo), composto por 16 aeroxeradores e a súa infraestrutura asociada, que se localizarán dentro do polígono definido polas coordenadas UTM que se indican no punto 3 desta DIA.

As características principais do proxecto son as seguintes:

- Número de aeroxeradores: 16
- Modelo previsto: Vestas V-112
- Potencia nominal unitaria: 3 MW
- Potencia total instalada: 48 MW
- Altura de buxa: 94 m
- Diámetro de rotor: 112 m
- Orzamento: 50.307.935,77 euros



Inclúe ademais a construción dunha subestación transformadora 30/132 kV cun edificio de control anexo, de planta única, que albergará as salas de celas eléctricas e de control, comedor, cociña, almacéns, oficina, arquivo, aseos e vestiarios. O conxunto contará con abastecemento de auga mediante pozo de barrena e estará dotado dunha fosa séptica para o tratamento das augas residuais, de tipo estanco. No recinto da subestación haberá tamén un espazo para o almacenamento de aceites e residuos xerados durante a fase de explotación do parque (punto limpo).

Proxéctase tamén a instalación dunha torre meteorolóxica de tipo autosoportado, de 100 m de altura, que se localizará nas proximidades da subestación transformadora.

Na configuración final do proxecto [logo das modificacións introducidas durante a tramitación do expediente a raíz do informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre o estudo de impacto ambiental (EsIA) e o documento *Simulación gráfica desde el Camino Primitivo. Parque Eólico de Serra de Liñares. Sep-12*, que consistiron na eliminación dos aeroxeradores 1, 2 e 3 situados sobre o Monte Picois (primeira agrupación da aliñación oeste) xunto coa supresión das súas infraestruturas asociadas para trasladalos cara a outras áreas do parque (un deles intégrase no grupo Gamallosa desta aliñación oeste ou Serra de Liñares e os outros dous trasládanse á aliñación leste ou Serra de Penas Apañadas) para mitigar a incidencia visual sobre o Camiño de Santiago (movementos que á súa vez obrigaron a resituar lixeiramente tres máquinas da aliñación leste para manter as distancias entre elas), así como diversas modificacións (supresións, axustes ou xeración de novos treitos) na rede viaria do parque e nas gabias do cableado para adaptalas á nova configuración do proxecto], a obra civil inclúe a apertura duns 3.823 m de vieiros de acceso e servizo ás instalacións, así como o acondicionamento, para o mesmo fin, doutros 2.334 m de pistas ou camiños existentes. A sección tipo terá uns 6 m de anchura de rodadura e contarán con cunetas e drenaxes transversais para a recollida e evacuación das augas pluviais. Así mesmo, escavaranse uns 14.884 m de gabias para soterrar o cableado de media tensión e de comunicacións que conectará os aeroxeradores e a torre meteorolóxica coa subestación transformadora/edificio de control. O prazo estimado de execución do proxecto é de 10 meses.

Como zona para instalacións auxiliares de obra, parque de maquinaria, amoreamentos de materiais, etc., seleccionouse unha superficie nas inmediacións da subestación transformadora. Nesa zona dispórase tamén un punto limpo para a almacenaxe dos residuos xerados na fase de obras. Para situar as oficinas e vestiarios de obra poderanse utilizar infraestruturas existentes nas zonas urbanizadas máis próximas ás obras.

Así mesmo, acondicionáronse dúas zonas para a montaxe e desmontaxe do guindastre de celosía, anexas a vieiros do parque, nas proximidades dos aeroxeradores 05 e 12.


Co fin de manter unha secuencia lóxica na numeración dos aeroxeradores na configuración modificada, o promotor renumera correlativamente todas as máquinas, comezando de norte a sur pola aliñación oeste.

Tal e como se recolle ao longo do apartado 2 da DIA, no expediente consta o documento *Parque eólico de Serra de Liñares. Integración de la Evaluación Ambiental. Octubre de 2020*, presentado polo promotor o 24.11.2020 e que entre outra información e documentación complementaria contén a descrición actualizada e a valoración ambiental das modificacións introducidas no proxecto durante a tramitación como resultado dos sucesivos informes emitidos pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, así como unha revisión dos impactos da actuación proxectada e, de ser o caso, a actualización das medidas protectoras e correctoras e o programa de vixilancia ambiental. Cabe sinalar que a raíz destas modificacións, a lonxitude da rede viaria do parque redúcese uns 1.266 m e a das gabias do cableado uns 2.199 m.

En canto á evacuación da enerxía producida no parque, segundo a derradeira información achegada polo órgano substantivo, o punto de conexión previsto é o nó da rede de distribución denominado SET Sanzo 132 kV. Indican así mesmo que non lles consta solicitude de autorización das instalacións de evacuación. Pola súa banda, o promotor informa que está a definir as condicións técnicas da dita conexión.

Inclúese a continuación un bosquejo do proxecto coa configuración do parque eólico logo das modificacións ás que se fai referencia nos parágrafos anteriores, incluíndo a reenumeración dos aeroxeradores.





1.3. Principais elementos ambientais da contorna

Os aeroxeradores distribuiranse en dúas aliñacións, denominadas Serra de Liñares (W) e Serra de Penas Apañadas (E), sobre diversas elevacións do terreo e cumios que conforman os montes de Gamallosa, do Valado, Chao de Coto e dos Vales, con cotas medias que roldan os 1000 m de altitude.

A nivel hidrolóxico, a área de actuación pertence ao ámbito competencial da Confederación Hidrográfica do Cantábrico. A zona de estudo queda encadrada na cunca do río Navia. Polo sector leste do parque discorre o rego de Penas Apañadas. Entre as dúas aliñacións de aeroxeradores atópase o val do río Navallos, tributario do Navia. Discorre tamén o río de Outeiro (afluente do Navallos) e o seu tributario, o rego Gamallosa. No sector oeste atopamos o río Muiñón e o rego dos Forcois, afluente deste. De acordo coa documentación avaliada, ningún curso de auga está afectado de forma directa polo proxecto, aspecto corroborado polo organismo de cunca.

A vexetación na área onde se proxecta o parque eólico está composta principalmente por repoboacións de piñeiro e por matogueira de toxo, breixo e xesta, que alternan con parcelas cubertas por mesturas de ambas as dúas formacións ou, en menor medida, por prados e terras de labor. As formacións de arboredo autóctono son pouco abondosas na área, froito da intensa actividade antrópica sobre o territorio, limitándose a pequenos bosquetes de carballos, bidueiros e castiñeiros e a unha certa representación de vexetación de ribeira asociada ás marxes dalgúns dos regos e regatos que discorren pola zona.

En canto a hábitats naturais, de acordo co Atlas de hábitats naturais e seminaturais de España (2005) no ámbito da poligonal do parque están delimitadas varias teselas que conteñen diversos tipos de hábitats naturais, situándose algunhas infraestruturas do proxecto modificado, cun grao de ocupación moito menor que o orixinal, sobre matogueiras que se asignan a breixeiras secas europeas (4030). Así mesmo, descartouse calquera tipo de afección sobre hábitats de carácter prioritario.

Respecto de especies de flora protexida, as fontes de información consultadas polo promotor e o traballo de campo efectuado lle permiten descartar a súa presenza na zona de implantación do proxecto.

Entre a fauna inventariada na cuadrícula 10x10 km que abrangue a área de estudo figuran, segundo a documentación achegada polo promotor, varias especies incluídas no Catálogo galego de especies ameazadas, coas categorías de vulnerable (os anfibios *Chioglossa lusitanica* e *Rana iberica*; *Circus pygargus* e *C. cyaneus* no grupo das aves e *Galemys pyrenaicus*, *Rhinolophus ferrumequinum*, *R. hipposideros*, *R. euryale*, *Myotis myotis*, *M. emarginata* e *Miniopterus schreibersii* entre os mamíferos) ou en perigo de extinción (*Ursus arctos* e *Milvus milvus*). O promotor sinala que tendo en conta os usos do solo e os hábitats existentes na área de implantación do parque, así como os resultados do traballo de campo efectuado, varias delas están ausentes na zona ou a súa presenza é pouco probable.

No que atinxe a espazos protexidos e outras zonas ou elementos de interese ambiental, segundo informou no seu momento a Dirección Xeral de Conservación da Natureza, a zona onde se proxecta a instalación non ostenta ningunha figura autonómica ou estatal de protección de espazos naturais. Tampouco existen humidais dos recollidos no Inventario Galego de Humidais, nin árbores ou formacións senlleiras. A área do parque está incluída no ámbito da Reserva da Biosfera Río Eo, Oscos e Terras de Burón, na zona de transición. Polo demais, o proxecto non se localiza no ámbito de áreas prioritarias ou zonas de protección para avifauna ameazada das publicadas na Resolución da Dirección Xeral de Patrimonio Natural do 18 de setembro de 2018, relativa ás liñas eléctricas de alta tensión, ni na súa actualización do 18 de outubro de 2021, e tampouco no dos plans de conservación/recuperación de especies ameazadas aprobados ata o momento nin en áreas importantes para as aves (IBA).

No que respecta á paisaxe, o ámbito do proxecto sitúase na área paisaxística denominada Serras Orientais, quedando integrado na comarca paisaxística Os Ancares - A Fonsagrada. O Catálogo das paisaxes de Galicia identifica algunhas áreas de especial interese paisaxístico (AEIP) nun contorno de 10 km, sen que ningunha delas se atope no ámbito da poligonal do parque. A identificada como Negueira de Muñiz e Canón do Navia dista uns 1,9 km do sector surleste da actuación proxectada.





En canto ao patrimonio cultural, no ámbito do proxecto localízase un bo número de elementos patrimoniais, para os cales a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural estableceu diversas medidas e cautelas co fin de evitar posibles afeccións. Ademais, polo sector norte do parque discorre o Camiño de Santiago (Camiño Primitivo), o cal motivou a existencia por parte da dita dirección xeral de relocalizar un grupo de 3 aeroxeradores situados sobre o Monte Picois, que finalmente se integrarán noutras áreas do parque, téndose solventado este aspecto na configuración actualizada do proxecto.

2. TRAMITACIÓN E ANÁLISE DO EXPEDIENTE

2.1. Resumo da tramitación

O parque eólico Serra de Liñares foi admitido a trámite na Resolución da entón Consellería de Economía e Industria do 20 de decembro de 2010, pola que se aproba a relación de anteprojectos de parques eólicos seleccionados ao abeiro da Orde do 29 de marzo de 2010 para a asignación de 2.325 MW de potencia na modalidade de novos parques eólicos en Galicia, cunha potencia de 48 MW.

Logo do anterior, por solicitude da sociedade Airosa Vento, SL (máis tarde AV Serra de Liñares, SLU) presentada o 27.06.2011, a unidade tramitadora correspondente (Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Lugo) iniciou o procedemento de autorización administrativa das instalacións que comprende o referido parque eólico, de conformidade co establecido na Lei 8/2009, do 22 de decembro, pola que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crean o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental.

O 27.06.2011 recíbese na entón Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas o documento ambiental do proxecto, remitido pola dita unidade tramitadora para que o órgano ambiental efectúe as consultas que resulten oportunas no marco da avaliación de impacto ambiental, de conformidade co establecido no texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro.

Como xa se indicou, o proxecto está incluído no grupo 4.h do anexo II da citada norma, que recolle os parques eólicos non incluídos no seu anexo I.

Atendendo ao anterior, e de acordo co previsto no artigo 17 da dita norma, a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, como órgano ambiental naquel momento, iniciou o período de consultas previas para determinar o sometemento ou non do proxecto ao trámite de avaliación de impacto ambiental, notificándollo á unidade tramitadora o 26.07.2011. As administracións, organismos e entidades consultadas para os ditos efectos foron as seguintes:

- Dirección Xeral do Patrimonio Cultural
- Dirección Xeral de Conservación da Natureza
- Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe
- Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública
- Secretaría Xeral para o Turismo
- Confederación Hidrográfica do Cantábrico
- *Consejería de Fomento, Ordenación del Territorio y Medio Ambiente* (Principado de Asturias)
- Concellos da Fonsagrada e Negueira de Muñiz
- Federación Ecoloxista Galega
- Sociedade Galega de Historia Natural
- Sociedade Galega de Ornitoloxía



Unha vez finalizado o dito período de consultas previas, vistas as respostas recibidas (Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública, Concellos da Fonsagrada e Negueira de Muñiz, Confederación Hidrográfica do Cantábrico e Sociedade Galega de Historia Natural) e logo de analizar o proxecto en relación cos criterios do anexo III do texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, determinouse o seu sometemento ao trámite de avaliación de impacto ambiental.

Mediante oficio de data de saída do 18.10.2011, notificóuselle á unidade tramitadora a antedita cualificación ambiental e déuselle traslado da amplitude e nivel de detalle do estudo de impacto ambiental (EslA) que tiña que elaborar o promotor, con copia das respostas recibidas. Así mesmo, trasladáronselle unha serie de indicacións sobre os trámites que tiña que realizar na avaliación de impacto ambiental (información pública e consultas sobre o EslA) e o contido do expediente que no seu momento tería que remitir ao órgano ambiental para continuar coa tramitación de cara a formular a DIA.

Con posterioridade á emisión do dito oficio recibíronse as respostas das direccións xerais de Patrimonio Cultural e de Conservación da Natureza, que tamén se lle trasladaron ao órgano substantivo para que llas achegase ao promotor.

Mediante Resolución do 26 de xuño de 2012, da Xefatura Territorial de Lugo da Consellería de Economía e Industria (publicada no DOG núm. 149, do 6.08.2012), someteuse a información pública a solicitude de autorización administrativa e aprobación do proxecto de execución, a declaración de utilidade pública, en concreto, a inclusión no réxime especial de produción de enerxía eléctrica, a aprobación do proxecto sectorial de incidencia supramunicipal e o estudo de impacto ambiental das instalacións relativas ao parque eólico Serra de Liñares. Así mesmo, a dita xefatura territorial efectuou o trámite de consultas sobre o EslA.

O 8.02.2021 recíbese na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático o expediente ambiental do proxecto, remitido pola Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais como órgano substantivo por razón da materia, para os efectos de continuar coa tramitación de cara a formular a declaración de impacto ambiental.

Unha vez revisado o seu contido, considerouse necesario completalo e emendalo nunha serie de aspectos (dispoñer dun informe da Dirección Xeral de Saúde Pública sobre o documento *Parque eólico de Serra de Liñares. Integración de la Evaluación Ambiental. Octubre de 2020* no que atinxe ao efecto parpadeo de sombras ou *shadow flicker* e aos campos electromagnéticos, aclarar o curso que se lle deu ás respostas do promotor a determinados informes emitidos durante o trámite ambiental e achegar información sobre a solución de evacuación da enerxía producida no parque), o cal se lle comunicou ao órgano substantivo mediante a correspondente solicitude de emenda, de data 14.04.2021.

O 25.06.2021 a Secretaría Xeral Técnica da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación achega á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un certificado do Consello da Xunta de Galicia do 17 de xuño de 2021, no que se enumeran os proxectos de parques eólicos e as súas infraestruturas de evacuación que foron declarados iniciativas empresariais prioritarias ao abeiro do establecido nos artigos 42 e 43 da Lei 5/2017, do 19 de outubro, de fomento da implantación de iniciativas empresariais de Galicia, modificada pola Lei 3/2018, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, e pola Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia, entre os cales se atopa o de Serra de Liñares.

O 29.09.2021 a Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais remite diversa documentación en resposta á solicitude de emenda efectuada polo órgano ambiental o 14.04.2021, e que inclúe o seguinte:

- Escrito do promotor de data 26.05.2021 cunha serie de aclaracións relativas á solicitude de emenda efectuada polo órgano ambiental o 14.04.2021 e con información sobre a solución prevista para a evacuación da enerxía producida no parque eólico.





- Informes da Dirección Xeral de Saúde Pública e da Axencia Turismo de Galicia sobre o documento *Parque eólico de Serra de Liñares. Integración de la Evaluación Ambiental. Octubre de 2020*, presentado polo promotor o 24.11.2020 e que entre outra información e documentación complementaria contén a descrición actualizada e a valoración ambiental das modificacións introducidas no proxecto durante a tramitación do expediente a raíz do informe emitido pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural sobre o EsIA e o documento *Simulación gráfica desde el Camino Primitivo. Parque Eólico de Serra de Liñares. Sep-12* (que no seu momento foran recollidas nun primeiro documento titulado *Adenda a la Memoria Técnica de la prospección arqueológica. Noviembre 2018*, que contou co informe favorable da dita dirección xeral) así como unha revisión dos impactos da actuación proxectada e, de ser o caso, actualización das medidas protectoras e correctoras e o programa de vixilancia ambiental.
- Resposta do promotor ao antedito informe da Dirección Xeral de Saúde Pública, xunto á cal achega unha nova versión mellorada do documento citado, identificada como *Revisión Agosto 2021*. Novo informe da dita dirección xeral, sobre esa nova versión.
- Respecto ao curso que se lle deu ás respostas do promotor aos informes emitidos polo Concello da Fonsagrada e pola *Consejería de Fomento, Ordenación del Territorio y Medio Ambiente do Gobierno del Principado de Asturias* sobre o estudo de impacto ambiental, o órgano substantivo aclara que a unidade tramitadora remitiulle as ditas respostas aos referidos organismos e que non consta contestación posterior por parte de ningún deles.

O 20.10.2021 o órgano substantivo achega unha versión mellorada do bosquejo do proxecto incluído no expediente ambiental recibido o 8.02.2021.

O 23.11.2021, estando en curso a análise técnica do expediente ambiental, solicitóuselle ao promotor, a través do órgano substantivo, unha aclaración e corrección de erros en relación coa actualización do datum das coordenadas UTM da poligonal de delimitación do parque eólico.

O 2.12.2021 recíbese a resposta ao dito requirimento.

2.2. Resumo da análise técnica do expediente

O expediente de avaliación de impacto ambiental contén, entre outra documentación, o estudo de impacto ambiental (EsIA), o documento técnico do proxecto de execución, diversas addendas e documentación complementaria incorporada ao longo da tramitación, os anuncios e certificados de exposición pública, unha alegación ambiental e os informes recibidos como resultado dos trámites de información pública e de consultas sobre o EsIA e as súas addendas ou documentación complementaria de ser o caso.

- En canto aos informes, pódese indicar o seguinte:
 - A Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emite un primeiro informe sobre o EsIA no que en síntese expón que non contén toda a información indicada na resposta emitida no seu día á consulta do órgano ambiental sobre o alcance do estudo de impacto ambiental a elaborar polo promotor no marco da tramitación ambiental. Ademais, para dous posibles xacementos arqueolóxicos, sinala que é necesaria a realización de traballos arqueolóxicos complementarios de cara a unha correcta caracterización dos mesmos.

Nunha primeira contestación ao dito informe, o promotor manifesta que considera suficiente o estudo de visibilidade desde o Camiño de Santiago (Camiño Primitivo) que se inclúe no estudo de impacto e integración paisaxística do EsIA. En canto aos traballos arqueolóxicos complementarios, indica que están en desenvolvemento.

Logo diso, presenta sucesivamente os documentos *Estudio de impacto sobre o patrimonio cultural do parque eólico de Serra de Liñares. Anexo memoria técnica* (de data 26.07.2012) e *Simulación gráfica desde el Camino Primitivo. Parque Eólico de Serra de Liñares. Sep-12*.





Sobre o segundo deses documentos e conxuntamente co EslA, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emite un segundo informe, cuxo carácter favorable queda supeditado ao cumprimento dunha serie de condicionados recollidos ao longo do informe, establecidos en base ao informado polos seus servizos técnicos e polo Comité Asesor do Camiño de Santiago.

Así, no relativo á incidencia do proxecto sobre o Camiño de Santiago (Camiño Primitivo), o Comité Asesor do Camiño de Santiago reafírmase na súa consideración de que os aeroxeradores 1 a 3 sobre o Monte Picois afectan a un sistema montañoso morfolóxicamente relevante para a paisaxe que envolve ao Camiño, por tratarse dunha orografía visualmente característica, tal como revela o patrimonio inmaterial expresado na toponimia. Estes aeroxeradores supoñen unha afección directa fisicamente e alteran as escalas para unha axeitada lectura da paisaxe. Con base no anterior, a dirección xeral establece que debe estudarse a relocalización dos aeroxeradores 1 a 3.

Por outra banda, en canto ao patrimonio arqueolóxico, logo de enumerar as distintas entidades arqueolóxicas presentes na área de actuación, recolle as seguintes cautelas:

- Os vieiros de nova traza e as gabias de conducción eléctrica deberán desprazarse fóra dos ámbitos de protección dos xacementos arqueolóxicos ou ben executarse polos vieiros existentes de acceso que se acondicionarán.
- Deberase realizar un control e seguimento arqueolóxico durante as fases de replanteo, de execución da obra e de restitución dos terreos, en todo o ámbito do parque eólico. Para tal fin, previamente ao inicio das obras o promotor elaborará un proxecto arqueolóxico que terá que ser autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e que deberá considerar o seguinte:
 - Recoller as medidas correctoras incluídas no EslA.
 - Como anexo ao proxecto arqueolóxico deberase recoller, na cartografía empregada polo persoal de obra durante o seu transcurso, un plano no que figuren as áreas de risco arqueolóxico, coa localización dos elementos do patrimonio cultural xunto coas súas áreas de cautela (obxecto do control e seguimento arqueolóxico). O dito plano incorporará os textos necesarios para a súa comprensión.
- En relación cos posibles xacementos arqueolóxicos REF-001 (posible túmulo) Chan do Arco e REF-002 (posible túmulo) Pico do Seixo, é necesaria a realización de traballos arqueolóxicos complementarios de cara a unha correcta caracterización arqueolóxica destes. Baseándose nos resultados das ditas actuacións arqueolóxicas, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, como organismo competente na materia, decidirá sobre a conveniencia de establecer outras medidas de protección.

Ademais, con base no informado pola Subdirección Xeral de Protección do Patrimonio Cultural, propón as seguintes recomendacións:

- Para atenuar o efecto visual do trazado dos vieiros procederase ao tapado das superficies finais con saburra de cor escura, procedendo na medida do posible á súa revexetación.
- Accederase ás instalacións, na medida do posible, por camiños existentes.

En resposta ao antedito informe o promotor achega un extenso escrito no que expresa o seu desacordo co condicionado relativo á relocalización dos aeroxeradores 1 a 3. Para o resto das medidas manifesta a súa conformidade e, no referente aos traballos arqueolóxicos complementarios para a correcta caracterización dos posibles xacementos arqueolóxicos REF-001 (posible túmulo) Chan do Arco e REF-002 (posible túmulo) Pico do Seixo, indica que xa os rematou e que se recollen no documento *Estudio de impacto sobre o patrimonio cultural do parque eólico de Serra de Liñares. Anexo memoria técnica* (de data 26.07.2012) que entregou no seu momento.

Sobre o citado documento a dirección xeral emite o correspondente informe, no que sinala o seguinte:





- En relación coa REF-001 Chan do Arco, aínda que non está clara a súa natureza arqueolóxica, as obras de acondicionamento do vieiro e a apertura da gabia do cableado realizarase nunha zona xa alterada e remexida, posiblemente durante os traballos de construción do dito vieiro.
- A REF-002 Pico do Seixo non é un ben arqueolóxico, polo que non forma parte do catálogo de bens do patrimonio cultural do estudo de impacto ambiental.

E establece as seguintes medidas:

- Deberase realizar un control e seguimento arqueolóxico durante as fases de replanteo, de execución da obra e de restitución dos terreos, en todo o ámbito do parque eólico. Para tal fin, previamente ao inicio das obras o promotor elaborará un proxecto arqueolóxico que terá que ser autorizado pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e que deberá considerar o seguinte:
 - Recoller as medidas correctoras incluídas no EsIA, no informe anterior emitido pola dirección xeral e na Addenda obxecto deste novo informe.
 - Como anexo ao proxecto arqueolóxico deberase recoller, na cartografía empregada polo persoal de obra durante o seu transcurso, un plano no que figuren as áreas de risco arqueolóxico, coa localización dos elementos do patrimonio cultural xunto coas súas áreas de cautela (obxecto do control e seguimento arqueolóxico). O dito plano incorporará os textos necesarios para a súa comprensión.

Con posterioridade, sobre a parte do escrito do promotor no que mostra a súa desconformidade coa existencia de estudar a relocalización dos aerogeradores 1 a 3 situados sobre o Monte Picois pola súa incidencia sobre o Camiño de Santiago, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural emite un escrito de consideracións no que de xeito motivado mantén o establecido ao respecto, polo que os referidos aerogeradores non se poderán localizar na posición proposta polo promotor, quen poderá estudar, se así o estima, posicións alternativas que non produzan os citados efectos sobre o territorio.

Ao antedito informe da dirección xeral o promotor presentou outro escrito de resposta no que en esencia segue a mostrar a súa desconformidade coas medidas relativas aos aerogeradores 1 a 3.

Xa no ano 2016 e como complemento aos dous escritos de desconformidade presentados ata a data, o promotor achega un novo escrito acompañado dun documento no que describe e xustifica a localización dos aerogeradores do parque eólico (*Informe descriptivo-justificativo de la ubicación de los aerogeneradores del P.E. de Serra de Liñares. Compatibilidad con el Camino de Santiago. May - 16*), sen chegar a plantexar localizacións alternativas para ningún deles.

Finalmente, no ano 2018, presenta un novo documento, titulado *Adenda a la Memoria Técnica de la prospección arqueológica. Noviembre 2018*, no que plantexa unha nova configuración do parque que daría resposta aos condicionados relativos á relocalización dos aerogeradores 1 a 3.

Sobre este último documento, a Dirección Xeral de Patrimonio Cultural emite o seu derradeiro informe (o quinto), no que indica, tendo en conta o exposto polo seu Servizo de Arquitectura, que o documento recolle as modificacións introducidas no deseño do parquea raíz dos condicionantes requiridos pola dirección xeral en relación coa afección ao Camiño de Santiago (Camiño Primitivo) e que se basean na reubicación do grupo de aerogeradores 1 a 3 situados no Monte Picois. O anexo I do dito documento recolle á súa vez o *Estudio de impacto sobre el patrimonio cultural. PE Serra de Liñares. Anexo nº 2 a la Memoria Técnica*, onde figuran os resultados da revisión de posibles novas afeccións, concluíndo que non existe impacto.

Engade que o novo deseño do parque eólico minora a incidencia visual sobre o Camiño de Santiago e o seu territorio histórico e non varía a avaliación do impacto sobre o resto dos elementos do patrimonio cultural existentes na zona, xa que as novas localizacións non afectan ás súas áreas de protección.





Conclúe que o documento recolle a modificación do parque eólico conforme o requirido no informe do director xeral do Patrimonio Cultural do 14.09.2012 (o segundo emitido de acordo co relatorio que se recolle neste apartado), polo que informa de xeito favorable o deseño do parque reflectido no dito documento, debéndose levar a cabo as medidas correctoras establecidas no anexo XV do estudo de impacto ambiental, así como o resto dos condicionantes que figuran no citado informe do 14.09.2012.

- A Dirección Xeral de Conservación da Natureza emite un informe sobre o EsIA no cal, tras efectuar un resumo do proxecto, indica que a zona onde se proxecta a instalación non ostenta ningunha figura autonómica ou estatal de protección de espazos naturais e que non existen humidais dos recollidos no Inventario Galego de Humidais nin árbores ou formacións senlleiras. Sinala así mesmo que tampouco afectaría a ningunha das zonas incluídas dentro da proposta de ampliación da Rede Natura 2000 que nese momento manexaba. Engade que o parque se enclavaría na Rede de Reservas da Biosfera, concretamente na zona de transición da reserva Río Eo, Oscos e Terras de Burón. O informe incorpora logo un resumo das consideracións do seu Servizo de Conservación da Natureza de Lugo, que sinala que o proxecto non afectaría directamente a ningún curso de auga pero que poderían producirse impactos sobre a rede hidrolóxica debido á apertura de vieiros que interrompan o fluxo natural das augas ou por movementos de terras. Así mesmo, débese indicar a localización dos puntos de saída de auga das cunetas e drenaxes transversais, concretando os sistemas que se disporán para evitar arrastres e fenómenos erosivos, así como aquelas medidas para evitar o arrastre de materiais ladeira abaixo. Estiman que o impacto ambiental sería admisible sempre que se cumpran as medidas preventivas e correctoras plantexadas, o plan de revexetación e o plan de vixilancia e seguimento ambiental. Consideran non obstante que debería darse resposta ás cuestións sinaladas e designarse por parte da empresa promotora unha persoa responsable do seguimento ambiental.

Conclúe a dirección xeral que para garantir a integración medioambiental do proxecto deberán considerarse as cuestións sinaladas no seu informe, as medidas recollidas na documentación achegada polo promotor e, por ende, una boa práctica medioambiental no desenvolvemento do proxecto. Noutra orde de cousas, para o plan de vixilancia do impacto por colisión en aves e quirópteros, recollen unha serie de directrices como proposta a considerar polo promotor na fase de explotación do parque eólico.

En resposta ao dito informe o promotor achega un escrito no que sinala que os aspectos relativos á rede de drenaxes figuran no documento técnico do proxecto de execución. Así mesmo, detalla os apartados do EsIA onde se recollen as cuestións suscitadas, aclarando que no anexo IV do EsIA inclúese un plan de vixilancia de augas e drenaxes con medidas específicas ao respecto. Por todo o anterior, considera que a información que consta no expediente en canto á rede hidrolóxica é suficiente. En canto ao programa de vixilancia ambiental para o seguimento da incidencia do parque sobre aves e quirópteros, sinala que o EsIA xa contén un, pero que non tería obxeccións en axustalo ás indicacións dadas se estas se estandarizasen.

Sobre a dita resposta a dirección xeral informa que a documentación que lles remitiron para informe non incluía o proxecto de execución, polo que non puideron consultar o plano sinalado. En canto ás medidas preventivas e correctoras para a rede hidrolóxica, se ben están de acordo coas que figuran no EsIA, o que solicitan é unha maior concreción en momentos previos ao inicio das obras.

O promotor responde con outro escrito no que manifesta que no caso de que o órgano ambiental estime necesario achegar máis documentación ao respecto e se inclúa a dita condición na declaración de impacto ambiental, non tería obxeccións en presentala. Nun derradeiro informe, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza mostra a súa conformidade co anterior.

- O Instituto de Estudos do Territorio (antiga Dirección Xeral de Sostibilidade e Paisaxe) emite un informe no que, tras recoller uns antecedentes e o marco legal, efectúa unha breve descrición do proxecto e conclúe que o estudo de impacto e integración paisaxística incluído no EsIA axústase formalmente aos contidos do artigo 11.2 da Lei 7/2008, do 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia. Non obstante, indica que deberán incorporarse ao proxecto planos nos que se detallen as características dos alzados e os pechamentos da subestación e o edificio de control.





En calquera caso, recomenda ter especial coidado na aplicación das medidas correctoras e de restauración que figuran na documentación achegada, as cales evitarán moitos dos posibles impactos e garantirán a axeitada integración paisaxística dunha infraestrutura desta natureza.

O promotor achega un escrito de contestación no que aclara que os planos solicitados figuran no documento técnico do proxecto de execución.

- A Dirección Xeral de Innovación e Xestión da Saúde Pública sinala no seu informe sobre o EsIA algunhas carencias de información, relativas á calidade da auga de abastecemento do edificio de control, xestión de verteduras e residuos, identificación de posibles efectos do proxecto a longo prazo na saúde da poboación e ausencia dun estudo de posibles efectos acumulativos pola proximidade doutros parques eólicos.

En resposta ao dito informe o promotor aclara que a auga de abastecemento do edificio de control será apta para o consumo humano tal e como consta no prego de prescricións técnicas do proxecto de execución e que solicitará os permisos necesarios e realizará as análises oportunas para garantir a súa potabilidade. No caso de ser necesario, aplicará o tratamento pertinente. Sinala que o edificio da subestación contará cun local para almacenamento de aceites e residuos producidos durante a fase de explotación do parque. Que cumprirá coa normaiva de prevención de riscos laborais e de protección da saúde e seguridade dos traballadores. Que o EsIA analiza o impacto sonoro sobre a saúde da poboación e o cualifica como compatible. Por último, en canto aos posibles efectos acumulativos, achega o documento titulado *Adenda al E.I.A. del PE Serra de Liñares: estudio de efectos sinérgicos*.

Sobre a dita documentación emite a citada dirección xeral un novo informe, no que considera solventadas as cuestións suscitadas.

Posteriormente, a Dirección Xeral de Saúde Pública (denominación actual do organismo con competencias na materia), emite un informe sobre o documento *Parque eólico de Serra de Liñares. Integración de la Evaluación Ambiental. Octubre de 2020* achegado polo promotor o 24.11.2020, no que sinala que o proxecto é unha actividade regulada por un procedemento xeral de autorización, polo que de cumprirse os estándares establecidos deberíase de asegurar a ausencia de efectos significativos sobre a saúde das persoas. A continuación efectúa unha avaliación do proxecto desde os seguintes puntos de vista: caracterización da poboación en situación de risco, determinación dos potenciais perigos, identificación das posibles vías de exposición e avaliación da necesidade de medición da exposición, concluíndo que no documento non se recolle información ou esta é insuficiente para algúns aspectos que poden ter repercusións sobre a saúde da poboación, polo que considera oportuno que o promotor o complete no que atinxe a campos eléctricos e magnéticos, xestión de augas residuais sanitarias, manexo e xestión de produtos perigosos, avaliación de posibles sinerxias con parques próximos en relación á incidencia do efecto parpadeo de sombras ou *shadow flicker* xunto con medidas de seguimento e medidas correctoras de ser o caso, medidas de seguridade contra contactos cos equipos e instalacións de alta e baixa tensión, así como de control de acceso ás instalacións, medidas de limpeza e hixiene, avaliación predictiva preoperacional do posible impacto acumulativo ou sinérxico en relación co ruído e, por último, cumprimento da normativa de auga de consumo humano no tocante á auga de abastecemento do edificio de control e a normativa de lexionella no caso de dispoñer de instalacións de auga quente sanitaria susceptibles de propagación da mesma.

En contestación ao dito informe o promotor achegou unha nova versión (*Revisión Agosto 2021*) do antedito documento, xunto cun escrito no que aclara determinados aspectos do informe e detalla os apartados da nova versión nos que incluiu información para dar resposta ao solicitado. A dirección xeral emite un derradeiro informe no que considera satisfeitos os requirimentos efectuados.

- A Secretaría Xeral para o Turismo indica que a zona posúe certa importancia turística no que se refire ao turismo de natureza e pode verse afectada pola instalación, concluíndo que o proxecto posúe unha influencia asumible no turismo específico da zona. Non obstante, sinala que é preciso a realización dun estudo de impacto turístico.





En contestación ao dito informe o promotor achega un escrito no que analiza polo miúdo o contido do informe, manifestando que a maior parte dos aspectos sinalados polo dito organismo foron convenientemente avaliados no estudo de impacto ambiental e que o proxecto conta con informes favorables daqueles órganos sectorais con competencias en moitos dos aspectos sinalados pola secretaría xeral, citando os emitidos polas direccións xerais de Patrimonio Cultural e de Conservación da Natureza, así como o do Instituto de Estudos do Territorio. Para aqueles aspectos de carácter eminentemente turístico (establecementos hoteleiros, rutas e outras actividades turísticas) o promotor completa a información do EsIA cun documento titulado *Estudio de impacto sobre elementos de interés turístico. Parque eólico de Serra de Liñares. Nov-12*, e considera que á vista do mesmo a presenza do parque eólico será perfectamente compatible co turismo de natureza desenvolvido na zona.

Sobre o dito documento, a Axencia Turismo de Galicia (actual denominación do organismo con competencias na materia) pon de manifesto algúns erros nos planos achegados, centra a problemática do proxecto na súa posible incidencia acústica (indica que no documento non se prevén medidas para comprobar tanto a incidencia acústica nos núcleos de poboación próximos como o posible efecto acumulativo con outros parques na zona) e sinala que non se expoñen novas medidas compensatorias sobre o inicialmente previsto.

O promotor responde ao dito informe manifestando que o impacto acústico do proxecto estúdase con detalle no EsIA, que contén unha simulación acústica realizada con software específico. Dese estudo despréndese que a máis dun quilómetro o impacto acústico está moi por debaixo dos límites legais. Sinala que os establecementos hoteleiros e o camping aos que se refire a Axencia atópanse a máis de 4 km polo que non existirá impacto acústico. O mesmo argumento emprega para as rutas de sendeirismo, a máis próxima das cales discorre a máis dun quilómetro. Respecto do Camiño de Santiago e o posible efecto do proxecto sobre a avifauna remítese á documentación que consta no expediente, na cal se valoran as posibles afeccións. Por último, entende suficientes as medidas definidas no EsIA, polo que non considerou necesario incorporar medidas adicionais no estudo de impacto turístico. O escrito vén acompañado de versións corrixidas dos planos indicados pola Axencia.

Posteriormente, en relación coa dita resposta e co documento *Parque eólico de Serra de Liñares. Integración de la Evaluación Ambiental. Octubre de 2020*, a Axencia emite un informe no que sinala que na fase de construción o impacto máis significativo no aspecto turístico viría determinado pola existencia de maquinaria na contorna das obras nun breve período de tempo e que na fase de explotación serían o impacto visual e as emisións sonoras. Conclúe que o impacto do proxecto no turismo rural local e na súa contorna é reducido.

- A Confederación Hidrográfica do Cantábrico, tras describir brevemente o proxecto, informa que dado que segundo o EsIA ningún curso de auga verase afectado de forma directa polo proxecto e que as medidas preventivas e correctoras relativas á rede hidrográfica propostas considéranse adecuadas, non ve inconveniente para a implantación do parque eólico, sen prexuízo de que calquera obra ou traballo no dominio público hidráulico ou nas súas zonas de servidume e policía de leitons, os aproveitamentos de augas superficiais ou subterráneas e a vertedura directa ou indirecta das augas requirirán autorización administrativa previa dese organismo de cunca.
- A Consejería de Fomento, Ordenación del Territorio y Medio Ambiente do Gobierno del Principado de Asturias (Dirección General de Medio Ambiente), logo dunha breve descrición do proxecto indica que nas proximidades do parque proxectado existen outros parques eólicos dentro do territorio do Principado de Asturias, polo que debe efectuarse unha análise dos posibles efectos acumulativos e sinérxicos que se poderían producir cos parques situados nunha envolvente de 5 km, incluíndo os que se localizan no Principado, atendendo especialmente aos aspectos do medio sobre os cales eses efectos poderían ser máis importantes, como son a fauna e a paisaxe.





En resposta ao dito informe o promotor achegou o documento *Adenda al E.I.A. del PE Serra de Liñares: estudio de efectos sinérgicos*, que lle foi remitido ao dito organismo pola unidade tramitadora, sen que posteriormente conste no expediente unha contestación por parte deste.

- O Concello da Fonsagrada emite un informe técnico sobre o EsIA no que sinala entre outras cuestións que a zona onde se localizan os aerogeradores 15 e 16 atópase cualificada polas Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal como solo non urbanizable especialmente protexido, denominado Cerro da Panda. Así mesmo, indica que no EsIA non se especifica o sistema de referencia (ETRS89 ou ED50) das coordenadas dos vértices da poligonal de delimitación do parque eólico. No estudo de visibilidade bota en falta a análise desde unha serie de núcleos máis próximos que outros dos estudados. O mesmo acontecería co Camiño de Santiago. Conclúe polo tanto que o EsIA debería completar a análise visual ao longo do Camiño de Santiago e dos núcleos rurais máis próximos e definir as posicións dos elementos do proxecto en relación a un sistema de referencia.

O promotor responde ao dito informe mediante un escrito no que indica que os aerogeradores 15 e 16, de acordo con diversa cartografía oficial, sitúanse no concello de Negueira de Muñiz (achega un plano ilustrativo ao efecto), atopándose polo tanto fóra do ámbito do planeamento do concello da Fonsagrada. Aclara que as coordenadas UTM que figuran no EsIA refírense ao sistema de referencia ED50. En canto aos aspectos relativos ao estudo de visibilidade, considera que o estudo incluído no EsIA é suficiente, aclarando os criterios seguidos na selección de puntos e que os planos de cuncas visuais realizáronse cunha envolvente de 10 km que inclúe os núcleos citados no informe do concello. O mesmo criterio seguíuse para o estudo de visibilidade desde o Camiño de Santiago.

Esta resposta foille remitida ao concello pola unidade tramitadora, sen que posteriormente conste no expediente unha contestación por parte deste.

- O concello de Negueira de Muñiz non emitiu informe sobre o EsIA, achegando o órgano substantivo unha copia da solicitude de informe efectuada pola unidade tramitadora, quen considerou procedente continuar coa tramitación unha vez esgotado o prazo para a súa emisión.
- Así mesmo, constan dous informes da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria de Lugo na súa condición de unidade tramitadora do órgano substantivo, que en conxunto recollen un resumo dos datos técnicos do proxecto e da tramitación practicada no expediente, tanto no referente á obtención dos condicionados técnicos como á tramitación ambiental e os resultados da información pública.
- No tocante a alegacións con contido ambiental, no expediente remitido polo órgano substantivo consta a presentada pola Sociedade Galega de Historia Natural, que versa sobre aspectos relacionados co patrimonio natural e a biodiversidade en xeral, tal que posibles afeccións á fauna, flora, hábitats naturais, espazos naturais, efecto barreira e necesidade de adoptar medidas preventivas e correctoras para a fauna, sen esquecer a pequena fauna. Neste sentido, e sen prexuízo do expresado polo promotor na súa resposta á dita alegación, cabe referirse aquí ao recollido neste mesmo apartado 2 da DIA en relación cos informes emitidos polo organismo sectorial con competencias nas materias aludidas, á documentación complementaria que se incorporou ao expediente ao longo da tramitación, ao condicionado do apartado 4, ao programa de vixilancia e seguimento ambiental do apartado 5 e á propia consideración final da DIA respecto da viabilidade ambiental do proxecto sempre que se cumpran as condicións e medidas que se establecen ao longo deste documento ademais das que figuran no EsIA e a restante documentación avaliada no marco do trámite ambiental.

3. ÁMBITO DA DIA

Unha vez efectuada a análise do expediente, cabe indicar que o proxecto do parque eólico Serra de Liñares consiste na instalación e explotación dun parque eólico de 48 MW de potencia total nos concellos da Fonsagrada e Negueira de Muñiz (Lugo), constituído por 16 aerogeradores de 3 MW de potencia nominal unitaria, que se localizarán dentro do polígono definido polas seguintes coordenadas UTM:



Vértices poligonal	Datum ED50 (fuso 29)		Datum ETRS89 (fuso 29)	
	UTM X	UTM Y	UTM X	UTM Y
A	660.000	4.781.000	659.875,99	4.780.786,40
B	664.664	4.780.151	664.539,99	4.779.937,40
C	666.175	4.778.133	666.050,99	4.777.919,40
D	667.110	4.777.559	666.985,99	4.777.345,40
E	668.000	4.774.000	667.875,99	4.773.786,40
F	665.000	4.771.000	664.875,99	4.770.786,40
G	662.000	4.775.000	661.875,99	4.774.786,40

A localización dos aeroxeradores e demais infraestrutura asociada ao parque eólico será a que se recolle nos planos nº 1 **Situación. Planta modificada** e nº 21 **Patrimonio cultural. Solución modificada** do documento *Parque eólico de Serra de Liñares. Integración de la Evaluación Ambiental. Octubre de 2020.*

4. CONDICIÓN AMBIENTAIS

4.1. Condición particulares

1. Considerando o exposto no apartado 2. *Tramitación e análise do expediente*, establécese como condicionado particular para o desenvolvemento do proxecto o cumprimento do contido dos informes que consten no expediente, ademais do recollido no EsIA e na restante documentación avaliada, tendo en conta que as condicións ou medidas dos informes prevalecerán fronte as do estudo ambiental ou a restante documentación no caso de contradición entre elas e que, en todo caso, calquera condición desta DIA prevalece fronte ás anteriores.

2. En canto á posible afección do proxecto sobre a poboación e a saúde humana en relación co efecto *parpadeo de sombras (shadow flicker)* durante a fase de funcionamento do parque, e en consonancia co recollido na documentación avaliada, nos potenciais receptores non se poderán superar as 30 horas/ano de exposición, téndose que adoptar as medidas mitigadoras oportunas (por exemplo, instalación de barreiras ou pantallas) ou programar paradas temporais dos aeroxeradores implicados no caso de que se supere o limiar recomendado.

3. O promotor deberá depositar un aval para garantir o cumprimento das medidas correctoras e responder da reparación dos posibles danos que se lle poidan causar ao medio ambiente e do custo da restauración, conforme o disposto no Decreto 455/1996, do 7 de novembro, de fianzas en materia ambiental.

Proponse como importe do aval, que será actualizable e deberá fixar o órgano substantivo, a cantidade de 880.389 euros, dos cales 377.310 corresponden á fase de obras e 503.079 á de desmantelamento e abandono do parque eólico.

Para a cancelación do dito aval será preciso o informe favorable do órgano ambiental, logo do levantamento dunha acta de comprobación pola inspección ambiental conforme establece o referido Decreto 455/1996.

A solicitude de cancelación realizarase a través do órgano substantivo, e só se poderá efectuar unha vez estean totalmente rematados os labores de restauración e integración paisaxística e logo de que o promotor acredite, mediante os informes do programa de vixilancia ambiental e calquera outra documentación que se considere oportuna de ser o caso, a suficiencia e o éxito dos traballos efectuados, tanto os referentes á restauración (coa vexetación debidamente implantada) como ás demais actuacións relacionadas coa imposición do aval ambiental.

4.2. Condición xerais

Ademais do condicionado establecido no punto anterior, ao proxecto seranlle de aplicación, segundo proceda, as seguintes condicións que complementan, matizan ou subliñan as anteriormente indicadas:



4.2.1 Protección da atmosfera

1. Co fin de minimizar a emisión de po durante a fase de obras, nos períodos de seca procederase á rega dos vieiros e das superficies onde se estean a realizar escavacións ou movementos de terras. Ao comezo das obras deberán terse dispostos na zona os medios necesarios para tal fin.

2. Os camións que transporten terras ou outros materiais que poidan xerar po deberán ir cubertos con lonas ou dispositivo similar. Así mesmo procederase, no caso de ser necesario, ao lavado das rodas dos camións á saída da zona de obras.

3. Os niveis de presión sonora debidos á construción e funcionamento do parque deberán cumprir coa normativa vixente, tendo en conta que no caso de que se superen os límites legalmente establecidos teranse que adoptar as medidas protectoras ou correctoras oportunas (emprego de mantas de goma durante as voaduras, incremento do illamento dos equipos, correcto mantemento das instalacións, pantallas de illamento acústico, etc).

Para tal fin, tanto na fase de obras como na de funcionamento do parque o promotor deberá levar a cabo, a través de entidade acreditada mediante norma UNE-EN ISO 17025, un plan de seguimento do nivel de ruído tendo en conta os aspectos que se indican no punto 5.2 desta DIA.

4.2.2 Protección das augas e leitos fluviais

1. Toda actuación ou afección no dominio público hidráulico ou na zona de servidume e policía de leitos, incluíndo zonas de fluxo preferente e zonas asolagables así como calquera captación ou vertedura se é o caso, precisarán da autorización ou permiso do organismo de cunca competente, que deberá ser solicitada e obtida polo promotor previamente ao inicio das obras.

En calquera caso, deberán terse en conta en todo momento as limitacións e demais prescricións establecidas no Real decreto legislativo 1/2001, do 20 de xullo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Augas e no Regulamento do Dominio Público Hidráulico (RD 849/1986, do 11 de abril), así como na Lei 2/2021, do 8 de xaneiro, de pesca continental de Galicia e, no que sexa aplicable, o Decreto 130/1997, do 14 de maio, polo que se aproba o Regulamento de ordenación da pesca fluvial e dos ecosistemas acuáticos continentais, e demais normativa que resulte de aplicación, entre ela as disposicións normativas dos plans hidrolóxicos.

2. En calquera zona onde poida existir risco de desencadeamento de procesos erosivos, de incorporación de sólidos ás augas e/ou de modificación do réxime hídrico, extremaranse as precaucións na execución e control das obras e na adopción das medidas protectoras, correctoras e de vixilancia ambiental que figuren na documentación avaliada, así como as que se deriven desta DIA e calquera outra que resulte necesaria para a preservación do dominio público hidráulico e a calidade das súas augas.

Neste sentido, conforme avance a obra procederase a estabilizar os noiros de desmonte e/ou terraplén que se xeren, co obxecto de previr fenómenos erosivos e a incorporación de sólidos ás augas. Porase especial coidado na adopción das medidas fronte os arrastres e escorregamentos, tal e como se establece na condición 4.2.3.5 da DIA.

3. A calidade das augas manterase de xeito que, co motivo das obras, non diminúa respecto da existente antes do inicio destas. Non está permitido o lavado de maquinaria e utillaxe nos cursos de auga nin en ningún outro elemento do dominio público hidráulico. Prohíbese a vertedura directa ou indirecta de augas residuais ou produtos susceptibles de contaminar as augas continentais ou calquera outro elemento do dominio público hidráulico sen a correspondente autorización de vertedura.

Para tal fin, tanto na fase de obras como ao final destas ata que se constate a ausencia de afeccións, levarase a cabo un plan de control da calidade das augas.

4. Non se acumularán substancias, calquera que sexa a súa natureza e lugar en que se depositen, que constitúan ou poidan constituír un perigo de contaminación das augas (superficiais ou subterráneas) do dominio público hidráulico e/ou degradación do seu contorno.



Polo que durante a execución dos traballos non se poderán utilizar as marxes dos ríos e ribeiras como lugares para o depósito de materiais, parque de maquinaria, lavados e, en xeral, todas aquelas actividades que supoñan un risco de contaminación das augas ou alteracións do ecosistema asociado.

5. Non se afectarán, ou de ser o caso terán que ser repostas na súa totalidade, as instalacións ou servizos de abastecemento de auga, saneamento ou calquera outro amparado pola lexislación hidráulica que se poidan atopar na área de influencia das obras, téndose que garantir a compatibilidade da actuación cos usos preexistentes. De igual xeito, respectaranse as fontes e mananciais que puideran existir na zona.

Neste sentido, na execución dos alicerces e das gabias do cableado haberase de considerar non afectar á modificación dos niveis freáticos que puideran alterar captacións existentes, aínda que estas non presentaran aparencia de afectación.

6. Na rede viaria do parque disporanse as estruturas de drenaxe transversal e lonxitudinal necesarias para non modificar o actual réxime hidrolóxico da zona e permitir a libre circulación das augas. Evitarase a xeración de zonas asolagadas, o trasvase de auga dunha microcunca a outra ou a concentración de grandes fluxos de auga en valgadas con escasa capacidade de acollida.

A incorporación das augas procedentes da rede de drenaxes do parque cara o dominio público hidráulico deberá ser gradual, polo que á saída das drenaxes transversais e nos puntos onde a auga das cunetas se incorpore ao terreo, así como nos tramos de cuneta en zonas de elevada pendente, dispoñeranse sistemas protectores e/ou de disipación de enerxía co fin de evitar fenómenos erosivos, arrastres de materiais, deposición de sólidos ou asolagamentos na traxectoria de incorporación das augas aos cursos naturais.

Tanto na fase de obras como na de explotación do parque realizarase un control do correcto funcionamento desta rede de drenaxes, do estado dos dispositivos de disipación de enerxía e das condicións de incorporación das augas de drenaxe á rede natural, téndose que adoptar as medidas protectoras e correctoras oportunas no caso de producirse os citados fenómenos. Así mesmo, a rede de drenaxes será obxecto dos oportunos labores de mantemento para garantir a súa operatividade.

Para tal fin, o promotor deberá contar cun plan de control da rede de drenaxes do parque, incorporándoo ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

7. O formigón necesario para a execución do proxecto será provisto desde planta ou plantas localizadas fóra da obra e que contén coas debidas autorizacións.

8. A limpeza das cubas das formigoneiras realizarase nas plantas subministradoras sempre que sexa posible. De non ser así, poderá habilitarse unha balsa para tal fin, que deberá estar adecuadamente impermeabilizada e afastada de cursos fluviais. Os restos nela almacenados deberanse entregar a un xestor autorizado ou, no caso de que se pretenda a súa vertedura ao medio, deberá obterse a correspondente autorización de vertedura.

9. O edificio de control deberá contar cunha fosa séptica para o tratamento das augas residuais que se xeren nel. No caso de que a dita fosa non sexa de tipo estanco, o promotor deberá obter do organismo de cunca a correspondente autorización de vertedura. Así mesmo, realizaráselle o mantemento necesario para garantir o seu correcto funcionamento.

4.2.3 Protección do solo e infraestruturas

1. Levarase a cabo un control topográfico preciso dos límites das zonas de obra e da localización de todas as infraestruturas e instalacións proxectadas, que se axustarán ao que se derive desta DIA. Non se poderán ocupar terreos fóra dos previstos.

2. Delimitaranse as distintas zonas de obra mediante o seu balizamento, que deberá manterse en perfecto estado durante o transcurso da actuación e ser retirado cando esta finalice.



3. Con carácter xeral, non se efectuarán préstamos na zona salvo xustificación previa, en cuxo caso seleccionaranse zonas que xa vaian ser afectadas polas obras ou, no seu defecto, lugares carentes de valores ambientais ou paisaxísticos relevantes. En todo caso, os préstamos deberán ter a súa procedencia debidamente acreditada e os ocios resultantes serán restaurados ao finalizar a obra.

4. No caso de ter que realizar algún depósito de sobrantes de escavación que non poidan ser empregados na propia obra, o promotor deberá contar cos permisos ou autorizacións que resulten oportunos, e proceder á súa restauración e revexetación unha vez rematada a obra.

5. Cando se executen obras en zonas de elevada pendente deberanse dispoñer mallas antiescorrega ou calquera outra medida adecuada para evitar o arrastre ou rodadura de materiais ladeira abaixo. O estado e a operatividade dos dispositivos antiescorrega será obxecto de control exhaustivo durante a execución das obras. En calquera caso, de producirse arrastres, deberán ser retirados e depositados nun lugar autorizado e a zona devolta ao seu estado orixinal.

6. Adoptaranse as medidas de seguridade necesarias para evitar derramos accidentais de produtos contaminantes como aceites, graxas e carburantes de motores.

7. No caso de ter que realizar voaduras, disporanse os medios necesarios (redes, lonas, ...) para evitar a proxección de fragmentos de rocha ao contorno. En calquera caso, se estes se producisen, deberán retirarse da zona e ser depositados nun lugar autorizado.

8. A circulación de vehículos e maquinaria no parque, tanto na fase de obra como na de funcionamento, restrinxirase unicamente aos vieiros e zonas acondicionadas para o efecto (áreas de manobra).

9. Os elementos do parque non poderán supoñer un obstáculo para o normal uso das pistas ou devasas que puideran existir na zona, debéndose garantir a súa operatividade.

10. Manterase a permeabilidade territorial da zona, conservando os servizos e servidumes de paso que existan na actualidade. Se durante as obras fose preciso cortar o paso dalgunha vía, deberán implementarse rutas alternativas que presten o mesmo servizo.

11. No caso de deterioración de estradas, camiños ou calquera outra infraestrutura, instalación ou servizo preexistente debido á execución da actuación, deberá restituírse a súa calidade e funcionalidade aos niveis previos ao inicio das obras.

4.2.4 Xestión de residuos

1. Todos os residuos que se xeren como consecuencia da construción, explotación e desmantelamento do parque eólico deberán xestionarse en función da súa natureza e conforme á lexislación vixente, primando a reciclaxe e a reutilización fronte á vertedura.

2. Para a zona destinada a casetas de obra, parque de maquinaria, acopios de materiais, etcétera, deberá seleccionarse unha localización de baixo valor ambiental, escasa pendente e afastada de calquera curso de auga, hábitats de interese comunitario ou área de protección arqueolóxica.

A dita zona deberá estar dotada das medidas necesarias para evitar a contaminación do solo e das augas e dispoñer dos medios adecuados para a recollida de posibles verteduras. As casetas de obra deberán dispoñer dun sistema estanco de tratamento químico das augas residuais.

Así mesmo, co obxecto de evitar a dispersión de accións potencialmente contaminadoras e favorecer un adecuado control ambiental, no caso de que finalmente sexa necesario dispoñer dunha área de limpeza das cubas das formigoneiras tendo en conta o sinalado na condición 4.2.2.8, esta localizarase preferiblemente na zona dedicada ás instalacións de obra.



3. Os labores de limpeza, mantemento e reparación da maquinaria durante a fase de obras realizaranse preferiblemente en talleres autorizados, eliminando así o risco de derramos accidentais de substancias contaminantes. Cando isto non sexa posible polas características da maquinaria (con mobilidade restrinxida ou non apta para circular por estrada), estas tarefas poderanse realizar na zona destinada a instalacións de obra, que deberá estar adecuadamente dotada segundo o establecido na condición anterior.

4. O almacenamento temporal de residuos ata a súa entrega a xestor autorizado realizarase na área de casetas de obra/parque de maquinaria durante a fase de obras, e no recinto da subestación/edificio de control/centro colector durante a fase de funcionamento. Sinalizarase claramente a presenza dos distintos tipos de residuos e cumprirse en todo momento coas normas de almacenamento establecidas na lexislación vixente.

5. Antes do inicio da fase de explotación deberán terse retirado e xestionado a totalidade dos residuos xerados durante a execución das obras.

4.2.5 Protección da fauna, vexetación e hábitats naturais

Con carácter xeral, no desenvolvemento do proxecto garantirase que non se vexan afectados compoñentes do medio natural (tal que as especies de flora e fauna ou os hábitats naturais) que gocen dun réxime de protección legal, atendendo ao disposto nas leis 42/2007, do 13 de decembro, do patrimonio natural e da biodiversidade e 5/2019, do 2 de agosto, do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, sen prexuízo de calquera outra normativa que lles resulte de aplicación.

4.2.5.1. Sobre a fauna

1. Para levar a cabo os labores de corta e roza de vexetación, así como os movementos de terras, escolleranse datas fóra das épocas de nidificación e cría da fauna máis sensible a este tipo de actuacións (prestando especial atención á que puidera gozar dalgún réxime de protección legal), adoptando en todo caso as medidas necesarias para non alterar á fauna.

2. Previamente aos labores de corta de arboredo verificarase a ausencia de avifauna nidificante de interese nos pés implicados. En caso de presenza, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor. Atenderase especialmente á presenza de aves rapaces ou calquera outra especie que ostente figuras legais de protección ou apareza recollida en listaxes ou libros vermellos que poñan de manifesto a importancia da súa conservación.

3. Se entre as aves rapaces que poidan facer uso da zona do parque se atopasen rapinas do xénero *Circus* (tartarfaña cincenta *Circus pygargus* e gatafornela *Circus cyaneus*, catalogadas como vulnerables no CGEA), que nidifican sobre o solo en ambientes de matogueira ou mixtos con pasteiros e polo tanto son susceptibles de verse afectadas polas obras, previamente aos labores de roza da vexetación levaranse a cabo as comprobacións necesarias para determinar a existencia ou non de parellas reprodutoras na área de afección directa das infraestruturas e instalacións proxectadas.

No caso de detectar a súa nidificación na zona afectada polas obras, adoptaranse as medidas oportunas para que poidan finalizar con éxito o período reprodutor, incluíndo o establecemento dun perímetro de exclusión duns 500 m de radio en torno ao niño, onde se evitará calquera actuación ata a finalización do período reprodutor (podendo continuar coas obras noutra zona do parque) e outro perímetro de seguridade de 500 m, onde se limitarán ao máximo as actuacións co obxecto de garantir a tranquilidade das aves.

4. Para aquelas especies de fauna que contén cun plan de recuperación, conservación ou xestión, adoptaranse as medidas e actuacións recollidas na dita planificación, cando proceda.

5. Adoptaranse as medidas necesarias para minimizar o potencial impacto da rede viaria do parque sobre a pequena fauna (réptiles, anfibios, micromamíferos...), tanto polo risco de atropelo como polo efecto barreira, así como para garantir que as obras de drenaxe e outras estruturas non supoñan unha trampa para a dita fauna.





Ademais, no caso de que nalgún dos vieiros do parque sexa necesario colocar pasos canadenses para impedir o paso de gando, estes deberán ir dotados de medidas que posibiliten o escape dos pequenos animais que poidan caer ao foxo. As ditas medidas poden consistir, sen prexuízo doutras igualmente efectivas, en dotar ao foxo dunha rampla de subida da fauna (con superficie rugosa e pendente suave), abrir un ou dous laterais do foxo ou darlle saída ao exterior mediante unha tubaxe de diámetro suficiente (mínimo 40 cm).

Así mesmo, levaranse a cabo os controis oportunos para verificar a eficacia das medidas adoptadas e detectar a existencia ou non de afeccións sobre a pequena fauna (incluíndo, de instalarse pasos canadenses, controis de mortalidade nos foxos), incorporando este seguimento ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

6. Respecto á avifauna e os morcegos, realizaranse comprobacións periódicas que permitan determinar a existencia ou non de afeccións sobre os seus efectivos poboacionais e detectar cambios no comportamento e usos do hábitat producidos pola instalación e/ou presenza dos aeroxeradores.

No caso de que se detecte unha incidencia negativa, adoptaranse as medidas necesarias para corraxir a dita situación, entre as que se poden considerar, sen prexuízo doutras, un incremento da frecuencia do seguimento, pintado de pas con patróns que incrementen a súa visibilidade, eliminación de gando morto (ou cubrición ata a súa retirada) para evitar atracción de aves preeiras, parada de máquinas en días con condicións meteorolóxicas moi desfavorables e de baixa visibilidade, establecemento de períodos de parada técnica dos aeroxeradores no caso de alcanzarse limiares de risco, instalación de disuasores automáticos, eliminación ou relocalización de aeroxeradores conflitivos, etcétera.

No caso concreto das especies preeiras, estarase ao disposto na Resolución do 21 de marzo de 2014 da Dirección Xeral de Enerxía e Minas pola que se establecen determinadas medidas para previr as colisións de aves nos parques eólicos da Comunidade Autónoma de Galicia.

Para tal fin, o promotor deberá levar a cabo un plan de seguimento da avifauna e quirópteros de acordo co sinalado no punto 5.2 da DIA.

7. Así mesmo, levarase a cabo un seguimento da posible aparición de efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos) sobre a avifauna e os quirópteros entre os parques eólicos que existan no contorno no momento en que este parque eólico entre en funcionamento (fosen ou non considerados na documentación avaliada). Teranse en conta tamén as súas infraestruturas de evacuación de enerxía se for o caso. Este seguimento realizarase mediante a valoración conxunta dos resultados dos seus respectivos plans de vixilancia, téndose que adoptar as medidas protectoras e/ou correctoras oportunas no caso de producirse a aparición deste tipo de efectos.

4.2.5.2 Sobre a vexetación e os hábitats naturais

1. Con carácter xeral, a eliminación da vexetación reducirase ao estritamente necesario para a execución do proxecto. Empregaranse sistemas mecánicos, non facendo uso do lume nin de fitocidas.

2. A corta de arboredo limitarase ao imprescindible, lembrando que previamente terá que presentar a declaración responsable ou solicitar a autorización segundo corresponda, así como a comunicación final ao remate do aproveitamento de ser o caso, en función do disposto na normativa de aplicación.

3. A realización dos aproveitamentos madeireiros implicará a extracción ou trituración da biomasa forestal residual, agás por razóns xustificadas ou aquelas outras establecidas consonte a lexislación en materia de montes.

4. Na xestión da biomasa vexetal eliminada primarase a súa valorización, evitando a queima in situ destes restos, que de ser o caso terá que contar coa preceptiva autorización. En calquera caso, terase presente a lexislación sectorial en materia forestal e de prevención e defensa contra os incendios forestais.



Neste contexto, no caso de optar pola extracción da biomasa forestal residual deberá garantirse a permanencia no monte ou terreo forestal dos restos de menor tamaño nunha porcentaxe do 50 % sobre o total que se vai extraer. Unha vez executado o aproveitamento, en casos de corta final, deberán realizarse as actuacións necesarias encamiñadas á rexeneración da superficie afectada. No caso de que sexa depositada sobre o terreo, procederase a súa trituración e espaxamento homoxéneo, para permitir unha rápida incorporación ao solo, diminuír o risco de incendios forestais e evitar a aparición de enfermidades ou pragas.

5. Adoptaranse as medidas necesarias para eliminar riscos de incendios, tanto na fase de obras como na de funcionamento do parque.

6. Para garantir a non afección e a conservación das especies de flora ameazada que puideran estar presentes na zona de actuación, adoptaranse as medidas preventivas oportunas (balizamento perimetral da súa localización, delimitación das áreas de presenza nos planos de obra, seguimento do estado de conservación dos exemplares e das medidas adoptadas, etc.) e de ser o caso, as medidas correctoras ou compensatorias necesarias. Así mesmo, levaranse a cabo os controis oportunos para verificar a eficacia das medidas adoptadas e detectar a existencia ou non de afeccións sobre as ditas especies, incorporando este seguimento ao programa de vixilancia ambiental segundo se desprende do punto 5 desta DIA.

7. En canto aos hábitats naturais, e co fin de garantir que as actuacións sexan compatibles coa preservación do patrimonio natural e a biodiversidade, prestarase especial atención, sen prexuízo doutras, ás medidas de control sobre a afección a solos e vexetación que figuran nesta DIA, balizando adecuadamente as distintas zonas de obra e evitando afeccións non previstas.

8. Adoptaranse medidas preventivas para minimizar o risco de introdución de especies invasoras como consecuencia da execución do proxecto (información ao persoal de obra, limpeza previa da maquinaria, control da procedencia dos préstamos, emprego de especies autóctonas na revexetación,...). No programa de vixilancia ambiental incorporaranse os controis oportunos para acadar unha detección precoz desta situación. No caso de que se confirme a introdución, adoptaranse medidas de resposta rápida para erradicalas.

4.2.6 Integración paisaxística e restauración

1. Adoptaranse medidas que maximicen a integración paisaxística da actuación proxectada. No caso da subestación transformadora/edificio de control/centro colector empregaranse materiais, texturas e cores que harmonicen co contorno. Así mesmo, nos traballos de execución e acondicionamento dos vieiros do parque minimizaranse os movementos de terras e coidarase que o firme contraste o menos posible coa contorna.

2. Se na zona existen afloramentos rochosos con interese xeomorfolóxico ou paisaxístico deberán ser respectados, sen que se vexan afectados polas obras.

3. Todas as superficies alteradas ou deterioradas pola execución das obras (marxes dos vieiros, contorno das obras de drenaxe, gabias do cableado, plataformas de montaxe dos aeroxeradores -que deberán ser revexetadas en toda a súa extensión, podéndose deixar un camiño de acceso ata a porta do aeroxerador para os vehículos de mantemento ordinario-, contorno da subestación/edificio de control/centro colector ou de seccionamento e torre/s meteorolóxica/s se é o caso, área/s de casetas de obra e parque de maquinaria, zonas de amoreamento de materiais ou residuos, áreas de préstamo e/ou vertedura de excedentes dos movementos de terras se for o caso...) deberán ser restauradas e revexetadas en función do tipo de terreo do que se trate, co obxecto de favorecer a recuperación do solo e a reinstalación da vexetación orixinal.

Para tal fin, nas actuacións de restauración e revexetación a levar a cabo teranse en conta as seguintes consideracións:

- Co fin de evitar fenómenos erosivos e lograr o máis pronto posible a integración paisaxística das zonas alteradas polas obras, os labores de restauración e revexetación deberán realizarse, na medida do posible, paralelamente ao avance das obras, conforme as distintas superficies a restaurar acaden o seu estado definitivo.



- No caso de precisar achegas externas de terra vexetal por non ser suficiente a retirada na obra, esta non se poderá extraer de áreas onde se atope consolidada e integrada no medio, debendo proceder de amoreamentos ou zonas debidamente autorizadas e que teñan características similares ás do terreo a restaurar, tanto desde o punto de vista edafolóxico como respecto das especies vexetais presentes.
- No que respecta á sementeira, a mestura deberá conter necesariamente especies arbustivas e leguminosas, sen prexuízo das de crecemento rápido que se consideren apropiadas para a zona. A proporción de cada grupo de especies na mestura axustarase, con carácter xeral, ás seguintes porcentaxes: 70% para o conxunto de gramíneas, 15% para as leguminosas e 15% para as arbustivas. A dose a empregar será como mínimo de 30 gr/m² (300 kg/ha).
- A restauración que se faga deberá atender a criterios de coherencia ecolóxica e paisaxística. Todas as especies a empregar na restauración deberán ser autóctonas, preferentemente existentes na zona, compatibles co hábitat no que se vaian implantar e compatibles entre si, co obxecto de maximizar o éxito e integración da restauración.
- Deberá realizarse un seguimento da efectividade dos labores de restauración e revexetación e proceder á reposición das calvas e/ou marras que puideran aparecer nas sementeiras, hidromenteiras e/ou plantacións efectuadas. Incrementarase a intensidade deste seguimento no caso de que se detecten dificultades para o desenvolvemento da vexetación e levaranse a cabo actuacións adicionais de restauración se o éxito desta non é o axeitado.

4. Unha vez finalizada a vida útil do parque eólico, ou ben no caso de que quedase definitivamente fóra de servizo por calquera causa, ao longo da fase de abandono levaranse a cabo todas as actuacións necesarias para desmantelalo e recuperar a situación preoperacional da zona ocupada pola instalación.

Considerarase, con carácter xeral e sen prexuízo do que no seu momento se poida establecer ao respecto, a desmontaxe e retirada dos aeroxeradores, torre/s meteorolóxica/s e subestación transformadora/centro colector ou de seccionamento (de existir un edificio de control, pode ficar para outros usos), demolición da parte superior do pedestal ou peaña das zapatas, restauración dos novos vieiros creados para uso exclusivo do parque, restitución de terreos e servizos afectados e revexetación das zonas alteradas polo desmantelamento.

4.3 Outras condicións

1. De ser o caso, incorporaranse ao proxecto, no que proceda, ás determinacións das Directrices de paisaxe segundo o regulado na disposición transitoria única do Decreto 238/2020, do 29 de decembro, polo que se aproban as Directrices de paisaxe de Galicia.
2. Co obxecto de acadar a máxima coordinación e eficacia no cumprimento desta DIA, o promotor deberá designar unha persoa responsable do seu control e notificar o seu nomeamento ao órgano substantivo.
3. Calquera cambio que se pretenda introducir no proxecto respecto do recollido nesta DIA deberá ter en conta a variable ambiental, e no caso de que poida producir efectos significativos sobre o medio ambiente deberáselle notificar previamente á Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, a través do órgano substantivo e acompañado da pertinente valoración ambiental comparativa, para que o órgano ambiental o avalíe e informe sobre a súa aceptación, comunicando no seu caso as condicións que cómpre impoñerlle ou se procede iniciar un novo trámite de avaliación ambiental.
4. O promotor deberá comunicar ao órgano ambiental, a través do órgano substantivo e coa suficiente antelación, a data prevista de inicio de obras do parque.
5. O promotor comunicará ao órgano ambiental, a través do órgano substantivo, a data de posta en marcha da instalación.





5. PROGRAMA DE VIXILANCIA E SEGUIMENTO AMBIENTAL

5.1. Aspectos xerais

O obxecto deste programa é o de garantir ao longo do tempo o cumprimento das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias que figuran na documentación avaliada e o condicionado da DIA, así como incorporar procedementos de autocontrol por parte do promotor. Así mesmo, debe permitir detectar, cuantificar e corrixir alteracións ou afeccións que non se teñan previsto, e levar a cabo novas medidas acordadas coas novas problemáticas xurdidas.

Para tal fin, e tomando como base o seguimento proposto na documentación avaliada, deberánselle incorporar os controis e estudos necesarios para completalo e adaptalo ao condicionado que se deriva desta DIA. Na definición final do programa fixaranse segundo a fase (replanteo, obras, explotación ou abandono) a periodicidade, os indicadores e os limiares ou valores límite que se vaian utilizar en cada caso.

Será responsabilidade do órgano substantivo que o programa que finalmente se desenvolva neste sentido permita acadar os obxectivos indicados. Así mesmo, teranse en conta as seguintes consideracións:

- O seguimento deberá ser efectuado por persoal cualificado para identificar os elementos protexidos da biocenose e para valorar a idoneidade das medidas adoptadas e os impactos que as actuacións do proxecto poden inducir sobre o medio. Terá a capacidade técnica suficiente de conformidade coas normas sobre cualificacións profesionais e da educación superior.
- As tomas de mostras, medicións e/ou analíticas deberán ser realizadas por un organismo de control autorizado ou entidade acreditada ou autorizada, e os resultados terán que vir asinados por persoal técnico da entidade. Deberán ser representativas, e polo tanto levaranse a cabo durante os labores con maior incidencia sobre os aspectos obxecto de control.
- No caso de que se detecten, como resultado deste seguimento en calquera das súas fases, impactos imprevistos ou alteracións que superen os limiares establecidos na lexislación aplicable, no EslA ou nesta DIA, comunicaráselle inmediatamente ao órgano substantivo, propondo as medidas correctoras precisas para corrixilos. Se se pon de manifesto a existencia de impactos ambientais severos ou críticos, o órgano substantivo poñerá este feito en coñecemento da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático.

5.2. Aspectos específicos

1. En relación co plan de seguimento do nivel de ruído ao que se fai referencia na condición 4.2.1, tomando como base a proposta do documento *Parque eólico de Serra de Liñares. Integración de la Evaluación Ambiental. Octubre de 2020 (Revisión Agosto 2021)*, terase en conta o seguinte:

- Deberase efectuar unha campaña preoperacional con medicións en todos os puntos propostos, co obxecto de dispoñer de datos previos do ruído de fondo para comparalos cos que se obteñan en cada período de seguimento.
- Lémbrese que a entidade que realice as medicións, tanto as da campaña preoperacional como as do propio plan de seguimento, debe estar acreditada mediante a norma UNE-EN ISO 17025 e que os informes de resultados terán que estar asinados polo persoal técnico que efectúe as medicións.
- En canto á periodicidade dos controis, durante a fase de obras efectuarase medicións en cada punto no momento no que se estean executando as obras asociadas ao seu contorno, elixindo un momento coa obra en plena actividade co obxecto de que a medición sexa representativa. Na fase de funcionamento a frecuencia será mensual o primeiro semestre, trimestral o segundo e tamén trimestral durante o segundo ano de explotación, podéndose logo variar en función dos resultados obtidos.

2. En canto aos plans de vixilancia, controis e demais actuacións ás que se fai referencia no punto 4.2.5 da DIA, terase en conta o seguinte:



- Tal e como se desprende do punto 5.1, deberá incorporarse co suficiente detalle ao programa de vixilancia ambiental todo o que se derive das cuestións que figuran no dito punto 4.2.5:
 - Control da nidificación de avifauna protexida ou de interese sobre o solo ou en arboredo.
 - Protección doutra fauna (réptiles, anfibios, pequenos mamíferos,...), detección de atropelos, control das obras de drenaxe e, no seu caso, dos pasos canadenses.
 - Seguimento de avifauna, quirópteros e de posibles efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos).
 - Protección de hábitats naturais e outras especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, en cumprimento das disposicións normativas que lles resulten de aplicación e do disposto nesta DIA.
 - Detección de especies invasoras.
 - Etcétera.

- No caso concreto do plan de seguimento de avifauna (e no de quirópteros naquilo que resulte de aplicación), sen prexuízo do que figure na documentación achegada polo promotor ou do que se poida derivar da condición 4.1.1 ou de calquera outra desta DIA, teranse en conta as seguintes indicacións:
 - Disporase dos estudos previos necesarios para coñecer os efectivos poboacionais e os usos do espazo e do hábitat na zona, as zonas de cría, alimentación ou campeo, colonias ou refuxos (morcegos), durmidoiros, rutas de paso migratorio, movementos estacionais ou desprazamentos diarios, etcétera, co obxecto de definir axeitadamente o plan de vixilancia para detectar posibles cambios nestes aspectos pola instalación e presenza do parque. Estes estudos preoperacionais deberán cubrir o ciclo anual completo do conxunto de especies inventariadas na zona, prestando especial atención a aquelas que ostenten algunha figura de protección, por exemplo e sen prexuízo doutras, as sinaladas no punto 1.3 desta DIA.

 - Conterá unha descrición detallada e xustificada da metodoloxía para o seguimento da incidencia do parque eólico sobre a avifauna, especificando os controis a efectuar e a súa frecuencia, considerando a detección do efecto baleiro, a caracterización do comportamento das aves ante os aerogeradores e a detección de morte por colisión.

Descríbese a metodoloxía para a estimación dos índices de colisión e a súa variación estacional, e a dun estudo do voo que caracterice a frecuencia, variación horaria, variación estacional, altura e traxectoria dos movementos das aves na zona do parque (uso do espazo). Inclúese unha valoración da posible distorsión nos resultados polo diferente esforzo de mostraxe, condicións climatolóxicas durante as mostraxes, detectabilidade dos corpos (pelo tamaño, vexetación do contorno, etcétera) e desaparición de cadáveres por necrófagos, definindo os factores ou índices de corrección para corrixir as posibles desviacións.

 - A periodicidade das visitas de comprobación terá en conta a fenoloxía das especies sedentarias, invernais e migratorias. Co obxecto de diminuír na medida do posible a perda de cadáveres por acción de animais preeiros, as visitas para a detección de aves mortas por colisión terán como mínimo unha periodicidade mensual. No caso de que se efectúen experimentos para o cálculo dunha taxa de desaparición de cadáveres propia para a zona do parque, poderíase axustar a dita frecuencia. Terase en conta que pode resultar preciso incrementar a frecuencia en épocas de paso migratorio e de dispersión de xuvenís.

 - Definición cuantitativa e cualitativa de limiares de risco por colisión e aparición de efecto baleiro, que indiquen a necesidade de adoptar medidas protectoras ou correctoras específicas, xustificando a súa determinación. Na definición destes limiares deberán considerarse as referencias normativas, catálogos ou listas vermellas máis actualizadas.

 - Defínense as medidas protectoras e/ou correctoras a adoptar en función das situacións de risco que se detecten, considerando entre elas as sinaladas no punto 4.2.5.1 desta DIA.



- Describírase o método de rexistro, tratamento e presentación dos datos obtidos, detallando a periodicidade, estrutura e contido dos informes, que como mínimo incluírán un apartado introdutorio (indicando datas e descrición das campañas efectuadas), outro cos datos e resultados obtidos e un de valoración (considerando tanto o período abranguido polo informe como o acumulado de datos de informes anteriores), discusión e conclusións finais.

5.3. Informes do programa de vixilancia

O promotor deberá presentar os informes do programa de vixilancia e seguimento ambiental ante o órgano substantivo, a quen lle corresponde efectuar o seguimento e vixilancia do cumprimento da DIA de acordo co establecido na normativa de avaliación ambiental. Estes informes estarán asinados polo persoal técnico responsable da súa elaboración e terán que contar coa supervisión, aprobación e sinatura da persoa responsable designada para o control do cumprimento da DIA.

Os informes avaliarán pormenorizadamente o cumprimento da DIA en relación a todos os aspectos considerados nela, así como das indicacións, valoracións e medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias contidas no EslA e a restante documentación avaliada.

Con carácter xeral, incluíranse os resultados das campañas preoperacionais ou estudos complementarios que se efectúen e os que no seu caso xa consten no EslA ou as súas addendas se é o caso, comparándoos cos que se obteñan en cada período de seguimento.

Sen prexuízo do que, co decurso do tempo, se poida derivar do desenvolvemento do programa de vixilancia, o seguimento da DIA estruturarase nos seguintes informes:

1. Durante a execución das obras o promotor presentará, con carácter trimestral, un **informe de obras** co seguinte contido mínimo:

- a) Cronograma de obras actualizado con todas as actividades (incluíndo a adopción das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias) no que se indique, para cada unha delas, a porcentaxe de execución respecto do total. No cronograma figurará a data de actualización.
- b) Informe de avance da obra, onde se describa o desenvolvemento dos traballos en relación a todos os compoñentes do proxecto. Acompañarase de reportaxe fotográfica (con indicación da data e hora nas fotografías e plano de puntos de toma) e dun plano de planta a escala 1:5.000 ou maior detalle, dotado de coordenadas UTM (ETRS89), no que se reflecta a situación real das obras e a porcentaxe de execución de cada actividade.
- c) Resultados do plan de seguimento do nivel de ruído (con medicións en plena actividade, indicando persoal de obra e maquinaria en funcionamento durante as medicións), control da calidade das augas, funcionamento da rede de drenaxes e mantemento do réxime hídrico (seguimento hidrolóxico), seguimento de avifauna e quirópteros, protección da pequena fauna e especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, tendo en conta os puntos 4.1, 4.2.1, 4.2.2, 4.2.5 e 5 da DIA.
- d) Informe onde se detallen, para aqueles indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os resultados dos controis efectuados de acordo co programa de vixilancia que se deriva desta DIA (indicando datas das visitas), así como os da aplicación das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias (tanto as que figuran na documentación avaliada como as derivadas desta DIA), incidencias e/ou imprevistos acontecidos e solucións adoptadas, labores de restauración efectuados, xestión de residuos de obra, etcétera.

2. Ao final das obras, no prazo máximo de dous (2) meses contados desde o remate dos traballos, achegará un **informe fin de obras** que como mínimo inclúa:



- a) Informe onde se describa o desenvolvemento dos traballos desde a emisión do último informe de obras e se detalle o estado final do parque e da área afectada tras a finalización das obras, en relación a todos os aspectos que figuran na documentación avaliada e no condicionado desta DIA. Conterá así mesmo un resumo do seguimento ambiental efectuado ao longo de toda a fase de obras e das medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias adoptadas, así como das incidencias ou imprevistos acontecidos e as solucións adoptadas.
- b) Reportaxe fotográfica que amose con detalle os aspectos máis salientables da actuación: zonas nas que se implantaron os aeroxeradores, contorno da subestación/edificio de control, torre meteorolóxica, estado dos vieiros, cunetas e drenaxes, gabias do cableado, estado de limpeza da área (en especial das zonas de instalacións de obra e parque de maquinaria), zonas onde se efectuaron medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias, etc. Nas fotografías indícarase a data e a hora, acompañándoas dun plano de localización.
- c) Plano *as built*, a escala 1:5.000 ou maior detalle e dotado de coordenadas UTM, no que se reflecta a situación real de todas as instalacións e infraestruturas do parque, así como as zonas onde se levaron a cabo medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias. Inclúirase unha táboa coas coordenadas UTM (ETRS89) das posicións definitivas dos aeroxeradores, da subestación e da torre meteorolóxica.
- d) Ficheiros dixitais do plano *as built* coas seguintes capas: poligonal do parque, aeroxeradores, vieiros, subestación e torre meteorolóxica. O formato será compatible con sistemas de información xeográfica (SIX). O sistema de proxección será o UTM, adoptándose como sistema de referencia xeodésico o ETRS89. Os datos vectoriais entregaranse en formato ESRI shapefile (.shp).

3. Unha vez iniciada a explotación do parque o promotor deberá presentar, con periodicidade semestral durante os dous primeiros anos de funcionamento e anual os seguintes, un **informe en fase de funcionamento** co seguinte contido mínimo:

- a) Resultados do plan de seguimento do nivel de ruído (identificando os aeroxeradores en marcha durante as medicións), do control do funcionamento da rede de drenaxes do parque e o mantemento do réxime hídrico (seguimento hidrolóxico) e, se é o caso, do seguimento da calidade das augas, conforme se deriva dos puntos 4.1, 4.2.1, 4.2.2 e 5 da DIA.
- b) Resultados dos plans de seguimento de avifauna e quirópteros e das medidas de protección de pequena fauna, hábitats naturais e especies vexetais e animais singulares ou protexidas se é o caso, e seguimento dos posibles efectos acumulativos (aditivos ou sinérxicos), tendo en conta os puntos 4.1, 4.2.5 e 5 da DIA.
- c) Informe, acompañado de reportaxe fotográfica, no que se describan con detalle os resultados do plan de restauración, indicando os avances e incidencias no proceso de rexeneración da cuberta vexetal e de integración paisaxística da instalación, aparición de especies invasoras se é o caso, estado dos vieiros, cunetas, plataformas de montaxe, gabias do cableado, contorno da subestación/edificio de control e torre meteorolóxica, así como daquelas zonas nas que se adoptasen medidas de protección contra a erosión. Nas fotografías indícarase a data e a hora, acompañándoas dun plano de localización.

Conterá tamén unha avaliación da eficacia e evolución de todas as medidas protectoras, correctoras e/ou compensatorias adoptadas (tanto as que figuran na documentación avaliada como as derivadas desta DIA) e a descrición, se é o caso, das incidencias acontecidas e as solucións adoptadas. Detallaranse así mesmo, para aqueles outros indicadores ambientais que non teñan plans de seguimento específicos, os controis efectuados de acordo co programa de vixilancia que se deriva desta DIA (indicando datas das visitas).

Á vista dos resultados que se obteñan durante os dous primeiros anos de seguimento, ou ben por solicitude motivada do promotor cursada ante o órgano substantivo, poderase revisar, se é o caso, o contido ou a frecuencia dos controis e informes que se deben realizar en anos posteriores.



4. **Informe previo ao abandono:** cunha antelación de seis (6) meses respecto da data prevista para a finalización da explotación do parque, o promotor remitirá ao órgano substantivo un documento (con memoria, planos, pregos de condicións, orzamento, prazo de execución e avaliación dos aspectos ambientais) no que se detallen todas as actuacións previstas para o cumprimento da condición 4.2.6.4.

5. **Informe posterior ao abandono:** transcorridos dous (2) meses desde o remate dos traballos de desmantelamento e abandono do parque, o promotor achegará un informe coa descrición detallada das actuacións levadas a cabo, con especial mención á xestión dos residuos procedentes do desmantelamento e á restauración das superficies afectadas. Incluirá unha reportaxe fotográfica que reflicta o estado final da área, unha vez rematados os labores de abandono e realizada a oportuna reexetación.

6. PROPOSTA

Logo de finalizar a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental, propónse formular a declaración de impacto ambiental do proxecto nos termos recollidos ao longo deste documento, en cumprimento do disposto no artigo 12 do Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos.

Manuel Díaz Cano
Xefe do Servizo de Avaliación Ambiental de Proxectos
(asinado electronicamente)

Conforme
Juan Manuel Camiño Soto
Subdirector xeral de Avaliación Ambiental
(asinado electronicamente)

RESOLVE

Formular a declaración de impacto ambiental do parque eólico Serra de Liñares, considerando que o proxecto é ambientalmente viable sempre que se cumpra, ademais do recollido no estudo de impacto ambiental e a restante documentación avaliada, o condicionado que figura ao longo deste documento, tendo en conta que no caso de que exista contradición entre eles, prevalecerá o disposto nesta DIA.

Ademais do obrigado cumprimento das condicións sinaladas, se se manifesta calquera tipo de impacto non considerado ata o momento, este órgano ambiental poderá ditar, do xeito que proceda, os condicionados adicionais que resulten oportunos.

Esta declaración de impacto ambiental remitiráselle ao órgano substantivo para os efectos que correspondan no marco do procedemento de autorización administrativa das instalacións.

Así mesmo, non exime ao promotor de obter cantas autorizacións, licenzas, permisos ou informes sexan necesarios para a execución e/ou funcionamento do proxecto.

O órgano substantivo deberá notificar a esta dirección xeral calquera cambio de titularidade que se produza na instalación.

Santiago de Compostela, na data da sinatura electrónica

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático
(asinado electronicamente)

